



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS A VALORACIÓN DE MÉRITOS, PROPOSTA AO ÓRGANO COMPETENTE DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DA CANDIDATA CON MAIOR PUNTUACIÓN E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

PROCESO: administrativo/a

ACTA nº 9 (resolución de alegacións, nomeamento de funcionario de carreira e formación de bolsa emprego)

EXPEDIENTE Nº: 2025/E001/000003

DATA: 13 de febreiro de 2026

HORA COMEZO: 11.00 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Salón de plenos do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidente: D^a. Sonia Campos Ares, funcionaria de Carreira do Concello de Carral

Secretario: D^a Eva Jardón López, Funcionaria de habilitación nacional


Vogais:

D^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.

D^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda.

D^a M^a Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo.

En Carral (A Coruña) na data e hora ao comezo indicados reúnen-se as persoas arriba relacionadas, nomeadas por resolución da alcaldía 484/2025, do 31 de outubro de 2025 (BOP nº212, do 5 de novembro de 2025), ao obxecto de proceder a resolución de alegacións presentadas á fase de concurso (méritos) así como propoñer á alcaldía o nomeamento como funcionario de carreira do candidato que acadou a maior puntuación na fase de concurso-oposición do proceso selectivo para a provisión dunha praza de administrativo, grupo C, subgrupo C1, de acordo co recollido na base décimo cuarta das que rexeron o proceso selectivo (BOP nº 88, do 12 de maio de 2025) e formación da bolsa de emprego de acordo tamén co establecido na base décimo terceira.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os vogais sinalados procédese á apertura do acto.

Manifesta a presidenta que a responsable do rexistro emitiu o informe que de seguido se transcribe en relación coas reclamacións presentadas:

“Dona María del Carmen Rodríguez Rodríguez, auxiliar administrativa no rexistro municipal do Concello de Carral, INFORMA:

Que en relación co proceso selectivo para a cobertura dunha praza de administrativo C1, presentáronse entre o 25 de febrero e o 10 de marzo as seguintes alegacións, no apartado de valoración de méritos, adxúntase un informe onde se sinala as que constaban no rexistro municipal do Concello :

Rexistro nº 202699900000302

IGNACIO RAMÓN SUÁREZ EXPÓSITO

02/03/2026

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente. Carral, na data da sinatura dixital.”

Procédese ao estudo e análise desta.

Don Ignacio Ramón Suárez Expósito expón na súa solicitude que *“QUE ESTOU PARTICIPANDO NO PROCESO SELECTIVO PARA UN ADMINISTRATIVO C1. QUE ACTA nº 8 (valoración de méritos) no apartado Servizos prestados na Administración Pública no mesmo corpo ou superior, escala, categoría ou equivalente ao que desexa acceder se me teñen en conta 42 meses como administrativo. QUE NA SOLICITUDE DE PARTICIPACION CON nº DE REXISTRO 202599900001099 NOS MERITOS ALEGADOS SE PRESENTAN: - OS CERTIFICADOS DE SERVICIOS PRESTADOS NO CONCELLO DE RIBADEO E NA DEPUTACION DA CORUÑA COMO ADMINISTRATIVO - ESTA SOLICITUDE FOI SUBSANADA POLO REXISTRO nº de 202699900000117 ALEGANDO AS TOMAS DE POSESION E A VIDA LABORAL. -O CERTIFICADO DE SERVICIOS PRESTADOS NO CONCELLO DE RIBADEO ERA INCORRECTO, XA QUE NON ESTABA ACTUALIZADO. -SE PRESENTA O CERTIFICADO SE SERVICIOS PRESTADOS NO CONCELLO DE RIBADEO CORRECTO POR UN TOTAL DE 26 MESES, QUE SUMADOS AO CERTIFICADO DE SERVICIOS PRESTADOS DA DEPUTACION DE 22 MESES SUMAN UN TOTAL DE 48 MESES (7,20 pto) ESTANDO EN PRAZO DE ALEGACIÓN, ADXUNTO A DOCUMENTACION PARA SUBSANAR A SOLICITUDE DE PARTICIPACION, FACENDO USO DO DEREITO DE PODER APORTAR DOCUMENTOS, XA QUE OS MÉRITOS SE PRESENTARON COA SOLICITUDE DENTRO DO PRAZO, PERO DE FORMA INCORRECTA”*

Este tribunal comproba que na solicitude de participación con nº de rexistro 202599900001099, don Ignacio



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

Ramón presenta, entre outros, un certificado de servizos prestados no Concello de Ribadeo do 3 de xaneiro de 2023 como administrativo polo tempo dun ano, oito meses e catorce días. Posteriormente, con data do 25 de xaneiro de 2026 e nº de rexistro 202699900000117 presenta as tomas de posesión e a vida laboral actualizada na que se pode comprobar que o tempo traballado en Ribadeo é de 798 días. Coa solicitude de alegación presenta certificado de servizos prestados correcto emitido polo Concello de Ribadeo polo tempo de dous anos, dous meses e seis días.

Polo tanto, don Ignacio Ramón no prazo de presentación de solicitudes achegou certificado incorrecto de servizos prestados no Concello de Ribadeo, non acompañando actas de toma de posesión, nin vida laboral, que se achega posteriormente en data 25 de xaneiro de 2026, documentación que permite comprobar o tempo real traballado.

Por tanto, este tribunal considera que este tempo traballado no Concello de Ribadeo debe ser correctamente valorado debido a última xurisprudencia emitida neste senso. Cabe destacar a doutrina do Tribunal Supremo, en relación á negativa da Administración a aceptar documentos que xulgaba non axustados ás bases da convocatoria, que se traduce en que deben terse en conta os méritos que se alegaban sempre que se tiveran aducidos e xustificados documentalmente; así se recolle na sentenza do 4 de decembro de 2012 (rec.858/2011), fundamento xurídico sexto, “en virtud del principio de subsanación consagrado en el artículo 71 de la Lei 30/1992, debe requerirse al interesado para que pueda subsanar los posibles defectos que pueda contener la certificación de méritos alegados”


En resumo, este tribunal considera que deben terse en conta eses seis meses a maiores traballados no Concello de Ribadeo como administrativo polo que a puntuación total acadada por don Ignacio Ramón Suárez Expósito quedaría como segue:

MÉRITOS PROFESIONAIS:

Experiencia	Puntos/mes	Meses acreditados	Total puntos
Servizos prestados na Administración Pública no mesmo corpo ou superior, escala, categoría ou equivalente ao que desexa acceder.	0,15 puntos/mes	48 meses	7,20 puntos
Servizos prestados na Administración Pública en corpos inferiores, escalas, categorías ou equivalentes ao que desexa acceder	0,10 puntos/mes	0 meses	0 puntos
Total			7,20 puntos

MÉRITOS FORMATIVOS:

Cursos	Puntos/hora	Horas acreditadas	Total puntos
--------	-------------	-------------------	--------------



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

Sector público e colaboración. Egap.	0,01 puntos/hora	35 horas	0,25 puntos
Iniciación a office. Xunta de Galicia.	0,01 puntos/hora	110 horas	1,10 puntos
Word. Xunta de Galicia.	0,01 puntos/hora	90 horas	0,90 puntos
Normativa e procedementos tributarios. Xunta de Galicia.	0,01 puntos/hora	60 horas	0,60 puntos
Tributación local. Xunta de Galicia.	0,01 puntos/hora	50 horas	0,50 puntos
Administración electrónica. Factura electrónica. Fegamp.	0,01 puntos/hora	35 horas	0,35 puntos
Competencias dixitais en ofimática. Amtega.	0,01 puntos/hora	190 horas	1,90 puntos
Contratación estratéxica. Egap.	0,01 puntos/hora	35 horas	0,35 puntos
Incompatibilidades empregado público. Egap.	0,01 puntos/hora	18 horas	0,18 puntos
Lei persoas discapacidade e inclusión social. Egap.	0,01 puntos/hora	20 horas	0,20 puntos
Competencia administrativa na Lei 40/2015. Egap.	0,01 puntos/hora	25 horas	0,25 puntos
Expediente electrónico. Deputación da Coruña.	0,01 puntos/hora	25 horas	0,25 puntos
Consolidación no emprego público. Fegamp.	0,01 puntos/hora	50 horas	0,50 puntos
Riscos laborais. Homologado Xunta de Galicia.	0,01 puntos/hora	600 horas	6,00 puntos
Incidencias na Lei 39/2015 e 40/2015. Deputación de Lugo	0,01 puntos/hora	30 horas	0,30 horas
Total		1373 horas	10 puntos

Total puntos por méritos: **17,20 puntos.**

Por todo o anterior, en conclusión, o tribunal **por unanimidade ACORDA:**

PRIMEIRO.- Estimar a alegación presentada por don Ignacio Ramón Suárez Expósito puntuándolle correctamente o tempo traballado como administrativo no Concello de Ribadeo e rectificar a valoración de méritos actualizando a puntuación total obtida:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I


Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
2	33,75	12,2	17,2	63,15	Suárez Expósito, Ignacio Ramón

SEGUNDO.- Actualizar a puntuación total acadada polos candidatos na fase de concurso unha vez estimada a alegación presentada por don Ignacio Ramón Suárez Expósito logo da valoración de méritos achegados por eles como segue:

	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
1	35	12,8	17,5	65,3	Sande Grela, Ana Isabel
2	33,75	12,2	17,2	63,15	Suárez Expósito, Ignacio
3	28,25	14,8	19,49	62,54	González Pazos, Paula
4	27,75	12,55	18,2	58,5	Pallas Aldao, Sara
5	29,75	11,4	12,46	53,61	Álvarez García, Cristina
6	28	10,7	14,51	53,21	Méndez Gallart, Cristina
7	29	10,65	9,88	49,53	Coira López, M ^a José
8	27,5	10,9	8,9	47,3	Ruíz Valencia, Alberto
9	23,75	14,35	6,81	44,91	Adán Arcay, Lucía
10	27	13,1	2,6	42,7	Varela Cotelo, M ^a Mercedes
11	23,25	10,55	0	33,8	Pena Rodríguez, Antonio

TERCEIRO.- Proponer á alcaldía o nomeamento de dona Ana Isabel Sande Grela (DNI ***1375**) como administrativa do Concello de Carral, funcionaria de carreira do grupo C, subgrupo C1, por ser a candidata que maior puntuación acadou no proceso selectivo para a provisión dunha praza de administrativa.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

CUARTO.- Propoñer a alcaldía a aprobación e formación dunha bolsa de emprego de administrativo cos demais candidatos que superaron o proceso selectivo e cuxa orde de prelación vén dada pola puntuación obtida en dito proceso como segue :


	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
1	33,75	12,2	17,2	63,15	Suárez Expósito, Ignacio
2	28,25	14,8	19,49	62,54	González Pazos, Paula
3	27,75	12,55	18,2	58,5	Pallas Aldao, Sara
4	29,75	11,4	12,46	53,61	Álvarez García, Cristina
5	28	10,7	14,51	53,21	Méndez Gallart, Cristina
6	29	10,65	9,88	49,53	Coira López, M ^a José
7	27,5	10,9	8,9	47,3	Ruíz Valencia, Alberto
8	23,75	14,35	6,81	44,91	Adán Arcay, Lucía
9	27	13,1	2,6	42,7	Varela Cotelo, M ^a Mercedes
10	23,25	10,55	0	33,8	Pena Rodríguez, Antonio

QUINTO.- Solicitar á candidata proposta para ser nomeada funcionaria de carreira que no prazo de cinco (5) días naturais, contados dende a publicación deste documento no taboleiro de anuncios do Concello, presente a documentación sinalada na base décimo quinta das que rexeron este proceso selectivo (BOP nº 88, do 12 de maio de 2025). De non presentarse dita documentación no prazo establecido a candidata perderá a súa condición de proposta e perderá todos os dereitos derivados da superación deste proceso selectivo reuníndose novamente este tribunal para propor á autoridade competente un novo candidato.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 11:30 horas do día da data, estendéndose a presente acta para constancia de todo o acordado, asinándose electronicamente nas datas e horas que figuran á marxe pola secretaria e a presidenta do tribunal para a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.

A secretaria

A presidenta



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es